

BASES DO PREMIO AO MELLOR TRABALLO FIN DE GRAO DE TEMÁTICA GALEGA DO CURSO 2022/23 PARA OS GRAOS COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E CREACIÓN DIXITAL, ANIMACIÓN E VIDEOXOGOS

1 Obxecto da convocatoria

Contribuír para a dinamización, difusión e uso da lingua galega.

2 Tema

Deberán ser pezas audiovisuais, multimedia ou un produto de creación dixital no ámbito da animación ou o videoxogo que traten algún aspecto relacionado coa realidade galega.

3 Datos técnicos

As pezas deberán estar creadas, na súa totalidade (memoria, anexos etc.) en lingua galega, que deberá ter plena visibilidade e corrección. É imprescindible o seu carácter inédito. Débese entregar o material completo do TFG.

4 Participantes, prazo e forma de presentación

4.1 Poderá participar no Concurso todo o alumnado de Tráballo Fin de Grao da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña que presentase o seu proxecto nalgunha das tres convocatorias do curso académico 2022-23.

4.2 A data límite de inscrición e entrega do traballo é o 4 de outubro de 2023 ás 14.00 horas.

4.3 Os traballos pódense enviar por correo electrónico ao enderezo manuel.garcia.torre@udc.es compartindo unha ligazón a OneDrive. No correo debe figurar como asunto: *Premio ao mellor traballo fin de grao de temática galega*, e acompañarse de dous documentos (A e B). O documento A conterá o traballo e o lema. Deberase entregar TODO o contido do TFG (memoria, anexos, vídeos etc.) e o documento B conterá os datos persoais e académicos completos da persoa participante, segundo o modelo que figura como ANEXO, xunto cunha fotocopia do documento oficial de identidade.

De dispor de certificado electrónico, a documentación tamén se pode presentar a través do rexistro electrónico (https://sede.udc.gal/services/telematic_register). Neste caso xuntarase un arquivo co/s traballo/s e baixo o lema e noutro arquivo (co mesmo lema) unha copia do documento de identidade e os datos de contacto.

Por último, son medios de presentación os previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) (BOE do 02/10/2015).

5 Xurado e resolución

5.1 O xurado estará composto polo profesorado da Facultade de Ciencias da Comunicación, Carmen Costa Sánchez e Manuel García Torre, e a coordinadora do Servizo de Normalización Lingüística, Marisol Ríos Noia da UDC.

Así mesmo désígnanse os seguintes suplentes: da profesora Carmen Costa, a profesora Sandra Martínez Costa e do profesor Manuel García Torre, o profesor José Juan Videla Rodríguez. Como suplente de Marisol Ríos Noia, coordinadora do Servizo de Normalización Lingüística, Xesús M. Mosquera Carregal.

5.2 A data límite para a resolución do xurado será o 18 de outubro de 2023. As persoas concursantes responsabilízanse de que as obras enviadas ao concurso non estean sometidas a ningunha reclamación legal. A organización resérvase o dereito de modificación sobre calquera dos puntos destas bases, se as circunstancias o requiriren. A participación no Concurso leva implícita a aceptación das bases na súa totalidade. O título do produto gañador publicarase nas redes sociais e na web da Facultade de Ciencias da Comunicación (<https://comunicacion.udc.es/gl>) e do Servizo de Normalización Lingüística www.udc.gal/snl.

6 Dotación económica e financiamento

6.1 Haberá dous premios, cada un de 250€. Un dedicado ao mellor TFG do Grao en Comunicación Audiovisual e outro para o mellor TFG do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos

6.2 O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0100.0107.422D.480.02.

7 Protección de datos persoais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder o *Premio ao mellor traballo fin de grao de temática galega do curso 2022-23* da Facultade de Ciencias da Comunicación. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nas redes sociais e na web da Facultade de Ciencias da Comunicación (<https://comunicacion.udc.es/gl>) e do Servizo de Normalización Lingüística www.udc.gal/snl na forma prevista na disposición adicional 7ª LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada trinta días naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria e conservanse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección de Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Mestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

O secretario xeral

ANEXO

FORMULARIO DE INSCRICIÓN AO MELLOR TRABALLO FIN DE GRAO DE TEMÁTICA GALEGA

	GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL		GRAO EN CREACIÓN DIXITAL, ANIMACIÓN E VIDEOXOGOS
--	---	--	---

*Marque cun X no recadro que corresponda.

Datos da obra:

Datos da obra
Título orixinal:
Duración:
Formato orixinal:
Tema:
Sinopse (non máis de cinco liñas):

Datos dos/as autores/as
Nome e apelidos:
Data de nacemento:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:
Outros/as autores/as:
*É obrigatorio achegar a fotocopia do DNI de todas as persoas autoras da obra